4574/411

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

# ANEXO Ó PLANO ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO 03 26 ESPARRAMÁN (BEMBRIVE) Doc. de Aprobación inicial


ARQUITECTOS

VÍCTOR MANUEL GONZÁLEZ MAGDALENA
FRANCISCO JOSÉ MARTÍNEZ PAZ
XOSÉ RAMÓN GARRIDO DAVILA

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,

**CONTESTACIÓN Ó INFORME EMITIDO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 1997 SOBRE:**
**" EXPEDIENTE 150/97 "**

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 26 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**PLANO ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO 03.126-ESPARRAMÁN NO CONCELLO DE VIGO.**

**APARTADO A.**

O núcleo non se redemilitou no senso de aumentar ou diminuír o seu ámbito, senón que unicamente se regularizou o seu contorno. Seguindo o criterio indicado polo propio PXOU de Vigo no punto 3.3.2. referido ós Instrumentos de Ordenación que di: " No caso de dispor un terreo ou parcela dunha ou máis cualificacións ou clasificacións, entenderase aplicable, aquela que recolla a de maior contía en canto a superficie. "

Polo que tal como se indica no punto 8 da Memoria do PEMN , incluíuse nunha cualificación ou outra a parcela que tiña máis dun 50% da súa superficie nesa cualificación.

**APARTADO B.**

O trazado viario proposto coidamos que é suficiente para o núcleo, dado o carácter rural do mesmo e o seu pequeno tamaño. O proxecto preténde combinar o tráfico rodado con sendeiros peonais, neste senso, establecemos que en relación con algúns elementos catalogados xéranse corredoiras que enlacen o camiño catalogado cos camiños que acompañan os canais de rega que unen as diferentes presas.

Non obstante, para a ordenación do ámbito nas zonas con pequenas parcelas ou con difícil acceso, retómase a exposición indicada no documento de avance, establecéndose unhas áreas de actuación integrada denominadas:

- UNIDADE REPARCELABLE 1. ( UR - 1 )
- UNIDADE REPARCELABLE 2. ( UR - 2 )

No relativo ó trazado da autoestrada do Val Miñor debemos indicar que esta non ten incidencia no núcleo, xa que o trazado actual discorre a uns 120 m. ó leste, no límite entre os concellos de Vigo e Mos, segundo se xustifica na folla adxunta.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**APARTADO C.**

Os polígonos ou Unidades Reparcelables presentadas xestionaranse segundo os artigos seguintes:

" Regulamento de Xestión Urbanística " , cumprindo os artigos : 93, 94, 95, 96 e 97.

" Lei 1/1997 do solo de Galicia. " , artigos : 98,99,100,101,102,103,104,105, 106 e 107.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**APARTADO D.**

INFORME SOBRE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS, CONDICIÓNS DE URBANIZACIÓN E MEDIDAS ENCAMIÑADAS Á MELLORA DO ASENTAMENTO POBOACIONAL EXISTENTE NA REDACCIÓN DOS P.E.M.N.

Con ocasión da aprobación inicial do Plano Especial de Mellora do Núcleo Rural 03.26. "Esparramán", na parroquia de Bembribe, foi emitido un informe previo polo Servicio Provincial de Urbanismo e Arquitectura da Delegación Provincial en Pontevedra da C.P.T.O.P.V-Xunta de Galicia. Na observación 3º, pdo. c), de dito dictame indícase que: "non pode considerarse que o Proxecto contemple as determinacións referentes ás dotacións urbanísticas, equipamentos e infraestructuras necesarias para o desenvolvemento do núcleo, condicións de urbanización e medidas encamiñadas á conservación e mellora do asentamento poboacional existente".

Examinando o P.E.M.N. en cuestión, e en especial as condicións e características propias do asentamento de poboación obxecto de planificación singular, así como a vixente e derrogada normativa que regula os obxectivos, contido e desenvolvemento dos P.E.M.M e P.E.M.N., deben facerse as seguintes indicacións sobre aquela observación realizada pola Delegación Provincial.

1).- O Núcleo rural tradicional sobre solo non urbanizable 03.26. "Esparramán", na parroquia de Bembrive (Vigo), hoxe Solo de núcleo rural de poboación, conta cunha superficie de 47.300 m2, cun censo de 64 habitantes, un total de13 edificacións e unha división do solo en 64 parcelas, resultando unha densidade media de poboación menor a 1 hab/m2.

Estes datos amosan claramente que se trata dun singularizado asentamento de poboación de reducidas dimensións, cun baixo número de habitantes, unha escasa ocupación por edificacións, unha mínima utilización dos terreos e unha non excesiva división da propiedade, sendo polas súas condicións

Este documento forma parte do expediente n.º
-45-4/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

topográficas, elementos naturais, infraestructuras e servicios existentes de carácter eminentemente rural.

Por iso, conforme no disposto nos artigos 17, pdos. 2º e 3º, e 12.3 pfo 2º, da LEI 11/1.985, de 22 de agosto, DE ADAPTACIÓN DA LEI DO SOLO A GALICIA, ó ser unha área de territorio na que existen agrupacións de vivendas e xorden relacións propias da vida comunitaria, converteo nun asentamento poboacional singularizado, diferenciado e identificable, e tendo en conta os parámetros de ubicación, especial vinculación ou preeminencia de actividades primarias, número e densidade de vivendas e distancia entre edificacións, o P.X.O.U. de Vigo -aprobado definitivamente o 29 de abril de 1.993- clasificou o Núcleo 03.26. "Esparramán" como Rural existente de carácter tradicional sobre solo non urbanizable.

2).- Que conforme ó previsto no artigo 19 pdo. 3 da LASGA, a norma urbanística 3.9.5 do P.X.O.U-Vigo estableceu unha serie de indicacións a partir das cales se requiría un tratamento mediante PLANO ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO do citado Solo non Urbanizable do Núcleo Rural Tradicional 03.26. "Esparramán", para asegurar a creación de dotacións urbanísticas e equipamentos comunitarios en proporción adecuada ás necesidades colectivas e características da poboación, saneamento, mellora dos servicios públicos, e medio ambiente, resolución de problemas de circulación e outros análogos.

A superación de ditos indicadores deu lugar ó acordo municipal do 31 de Marzo de 1.996, que resolveu iniciar o expediente de formulación do P.E.M.M. do núcleo 03.26. "Esparramán", esto sempre coa finalidade sinalada no artigo 19.3 da LASGA.

3).- Que a entrada en vigor da nova LEI 1/1997, do 24 de marzo, DO SOLO DE GALICIA supuxo que o solo anteriormente clasificado como non Urbanizable do Núcleo Rural Tradicional, pase a denominarse SOLO DE NÚCLEO RURAL (D.T.2 pdo. 5 L.S.G.), cinxíndose o seu réxime xurídico e desenvolvemento ó disposto no artigo 76 da citada Lei 1/1997, e adoptando os seus instrumentos de desenvolvemento a forma de PLANOS ESPECIAIS DE MELLORA DO NÚCLEO RURAL. Por iso o expediente de redacción do P.E.M.M. do Núcleo 03.26. "Esparramán", iniciado o 31 de Marzo de 1.996, adoptou agora a forma dun P.E.M.N.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

4).- Que, sen embargo, este cambio de regulación e forma de planeamento non modificou a finalidade do Plano Especial de Mellora do Núcleo 03.26. "Esparramán", respecto das previsións de dotacións, equipamentos, infraestructuras, condicións de urbanización e medidas de conservación e mellora do núcleo. Se antes o artigo 19.3 da LASGA vencellaba ditas previsións ás necesidades colectivas e características da poboación obxecto deste planeamento, agora o artigo 27.3 pdos. c), d) e e) da L.S.G. determina que o P.E.M.N deberá conter "Dotacións urbanísticas, equipamentos e infraestructuras comunitarias axustadas ás necesidades da poboación", así como "medidas encamiñadas á conservación e mellora do medio ambiente e das características tradicionais do núcleo e das edificacións", e "condicións mínimas de urbanización".

5).- Que, por tanto:

♦ A finalidade do P.E.M.N. non é prever unhas dotacións urbanísticas, equipamentos e infraestucturas necesarias para o desenvolvemento do núcleo -como di a observación 3ª.c) do Informe da Delegación Provincial da C.P.T.O.P.V-, senón unhas dotacións urbanísticas, equipamentos e infraestructuras comunitarias "axustadas ás necesidades da poboación", é dicir, adecuada ás características de densidade de habitantes, índice de ocupación, utilización do terreo e división da propiedade do Núcleo rural que se trata de planificar.

♦ Que tampouco a finalidade do P.E.M.N é prever unhas condicións de urbanización e medidas xenericamente encamiñadas á conservación e mellora do asentamento de poboación existente -como di a observación 3ª.c) do Informe da Delegación Provincial da C.P.T.O.P.V-, senón establecer unhas medidas concretamente encamiñadas á conservación e mellora do medio ambiente e das características tradicionais do núcleo as suas edificacións, así como unhas condicións mínimas de urbanización, pero sempre de acordo coas reais necesidades do núcleo e o seu carácter tradicional e rural.

6).- Que, por tanto, a finalidade do P.E.M.N non é o desenvolvemento e urbanización do Solo de núcleo rural obxecto de planeamento, senón -como di o artigo 27.1 da L.S.G.-o establecemento dunha ordenación urbanística pormenorizada no ámbito dos núcleos rurais de poboación delimitados polo P.X.O.M..." pero sen alterar a estructura fundamental e peculiar da zona obxecto de planificación, nin modificar a súa clasificación, isto é, a particular natureza rural.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998

O contrario, é dicir, a previsión do desenvolvemento dun sistema xeral de comunicación coas súas zonas de protección, sistemas de espacios libres, sistemas xerais de infraestructuras e sistemas de equipamento comunitario suporía dar á redacción do P.E.M.N 03.26. "Esparramán" o carácter dunha actuación integral por medio de P.E.M.N (previsto no art. 27.2 L.S.G.), ou dun Plano Especial de desenvolvemento destas infraestructuras, ou dun Plano Especial de Reforma Interior no solo urbanizable, o cal extralimitaría os límites obxectivos e finalidades dos indicadores previstos no P.X.O.U. de Vigo e do Acordo municipal que deu lugar á súa redacción, á parte de vulnerar o seu réxime xurídico do Solo clasificado como núcleo rural de poboación.

7ª).- Que neste mesmo senso cabe interpretar os preceptos aplicables do REGULAMENTO DE PLANEAMENTO (R.D. 2159/1978, de 23 de xunio), vixente conforme á D.T. 3ª da L.S.G, cuxos arts. 76.2 e 82.1 dispoñen no desenvolvemento das previsións contidas nos Planos Xerais Municipais de Ordenación que poderán formularse Planos Especiais, sen necesidade de previa aprobación do Plano Parcial, coas seguintes finalidades: mellora dos núcleos urbanos, rurais e natural, e que os Planos Especiais para a mellora do medio rural poderán conter a seguintes determinacións:

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

a) Normas necesarias para manter o estado das edificacións nos seus aspectos de composición e conservación, a fin de salvagardar, se procede, o ambiente existente.
b) Normas necesarias para modificar, se procede, o aspecto exterior das edificacións, o seu carácter arquitectónico e o seu estado de conservación, a fin de mellorar as características ambientais.
c) Prescricións precisas para ordenar os espacios verdes previstos no planeamento ou para mellorar a configuración de parques xardíns, arborado e elementos vexetais existentes nos espacios libres.
d) Prohibicións de construccións ou de usos prexudiciais cando non se establecera no Plano Xeral ou cando este non exista.
e) Normas precisas para harmonizar en altura e aliñacións as edificacións existentes.

Estes Planos Especiais non poderán alterar as normas que sobre volume e uso do solo establezan os Planos de xerarquía superior, e só poderán precisar as súas determinacións cando sexa necesario.

É dicir, que os P.E.M.N que non teñan como fin unha actuación integral sobre só unha parte do Solo do núcleo rural, senón que proxecten unha planificación xeneralizada do dito solo, poderán conter determinacións que regulen e concreten as condicións de edificación e ordenación urbanística do Solo de núcleo rural cuxa complexidade incipiente pretende planificar, pero non poderán proxectar unha serie de infraestructuras, servicios e condicións urbanísticas que superen o carácter de solo de núcleo rural nin modifiquen as particularidades propias do núcleo de poboación en cuestión.

Este documento forma parte do expediente n.º
- 4574/411 -
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

8ª).- Que o derrogado art. 18, pdo. 1, da LASGA dispoñía que os terreos dos núcleos rurais tradicionais se ordenarían directamente mediante as determinacións do Plano Xeral ou das Normas Subsidiarias, ou por medio da redacción dun Plano Especial que tería o carácter de mellora do medio se afectase ós terreos de núcleos rurais tradicioais clasificados como solos non urbanizables. Para cando a ordenación pormenorizada debera realizarse mediante un plano especial de mellora do medio, o Plano Xeral ou as Normas deberían fixar polo menos os usos e actividades autorizadas, así como as características, intensidades, equipamentos, servicios mínimos e o sistema de comunicacións.

O Plano ou Normas deberían determinar para estes núcleos rurais a dotación mínima destinada a parque público e zonas verdes. No mesmo senso pronunciábase o pfo. 1 da Norma Subsidiaria do Planeamento nº 4.1.4 das Provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas o 10 de decembro de 1990, cando dispoñía que o Planeamento urbanístico determinaría para os núcleos rurais tradicionais os seguintes aspectos, determinando e localizando, no seu caso, a dotación mínima destinada a parque público e zonas verdes ou libres de uso comunitario.

Por iso o P.X.O.U- Vigo á hora de establecer as normas mínimas de usos, actividades autorizadas, características, intensidades, equipamentos, servicios mínimos e sistemas de comunicacións para cada concreto Núcleo Rural existente tradicional, prevé na súa norma urbanística 3.7.0 que estes elementos se definirán no correspondente ficha do Núcleo 03.26. "Esparramán" unicamente prevé ó respecto que as zonas verdes serán ubicadas e xestionadas conforme ó proxectado no correspondente P.E.M.N., non indicandose na ficha mínimos para zonas verdes.

9ª).- Que esta disposición do Plano Xeral se cumpre integramente no P.EM.N rural 03.26. "Esparramán", presentado a aprobación inicial, pois prevé unha zona verde total conforme ós parámetros mínimos fixados na correspondente ficha de planeamento do P.X.O.U, é dicir, non necesita superficie destinada a zona verde. Ningunha norma legal, regulamentaria ou de planeamento xeral obriga a fixar unhas zonas verdes, equipamentos ou dotacións superiores ás mínimas regulamentariamente establecidas. O mínimo é obrigatorio, pero o máximo é voluntario.

10ª).- Que, por todo isto, o presente Proxecto de P.E.M.N rural 03.26. "Esparramán" contén tódalas determinacións legal e regulamentariamente esixidas para a ordenación urbanística xeral do Solo de núcleo rural, sen que sexa necesario prever unha serie de dotacións urbanísticas, equipamentos, infraestructuras, condicións de urbanización e medidas de conservación cuxo desenvolvemento suporía a urbanización dunha zona que precisamente, este P.E.M.N., pretende conservar coa mesma clasificación e carácter rural que tivo ata o de agora.

Este documento forma parte do expediente n.º
- 4574/411 -
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Polo exposto, o equipo redactor do P.E.M.N 03.26. "Esparramán", na parroquia de Bembribe debe solicitar á Xerencia de Urbanismo e Planeamento-Xestión do Concello de Vigo que a disfunción ou desviación da normativa aplicable, denunciada no pdo. c) da observación 3ª do Informe da Delegación Provincial da C.P.T.O.P.V de 2 de decembro de 1.997, non se teña como tal e se considere que neste punto o Proxecto do P.E.M.N. Rural 03.26. "Esparramán" é acorde coa legalidade urbanística e planeamento superior vixente.

**APARTADO E.**

O acceso rodado a tódalas parcelas garántese a través das actuacións integrais: Unidade Reparcelable 1 e Unidade Reparcelable 2.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTUACIÓN**

Son fundamentalmente catro puntos nos que se basean as diferentes actuacións realizadas polo equipo redactor no ámbito do PEMN:

1. A procura da conservación do carácter rural do núcleo, segindo para iso os criterios básicos de conservación da maior parte do viario existente como organizador do núcleo, así como a potenciación dos peonais existentes e a creación dalgúns novos. Estes viarios peonais novos axústanse as canalizacións existentes de rega, intentando potenciar así este aspecto como elemento integrador de todo o ámbito do núcleo.

2. En relación ó apartado anterior, propónse o trazado dún único vial de tráfico rodado novo polo límite oeste do núcleo, suficiente para garantir a accesibilidade de tódalas parcelas.

3. A regularización do ámbito seguñdo o criterio indicado no punto 3.8.0.0. do PXOU: " naquelas parcelas nas que incida máis dunha ordenanza será aplicable a que ocupe maior superficie". Este foi o criterio utilizado para integrar ou excluir as parcelas que nun principio estaban afectadas polo trazado da autoestrada do Val Miñor, tal e como se indica no apartado da memoria dedicado á xustificación da regularización do ámbito do P.E.M.N.

4. Deixaronse previstas unhas unidades de reparcelación (que serán desenvoltas mediante acordos entre os propietarios afectados) para aquelas parcelas nas que, ben por dimensións, ou ben por inaccesibilidade, o posible aproveitamento urbanístico é inviable.

A xestión destas unidades de reparcelación realizarase tal e como se indica no apartado C da contestación ó informe emitido pola Consellería.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA.
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**XUSTIFICACIÓN DA REGULARIZACIÓN DO ÁMBITO DO PEMN**

Como se pode observar nos planos adxuntos do proxecto o ámbito do PEMN sufriu unhas pequenas modificacións en canto á delimitación que se indicaba nos planos do PXOU do Concello de Vigo.

Tales modificacións prodúcense na zona Sudoeste do núcleo de Esparramán, e son debidas á modificación no trazado do vial denominado " Autoestrada do Val Miñor". Este vial, nun principio, delimitaba o núcleo de Esparramán na zona Sudoeste, pero debido a unha alegación presentada polos veciños, o trazado foi desprazado cara ó Leste. Desta forma, parcelas que estaban afectadas polo vial dentro do ámbito do PEMN, quedaron fóra desta afección, polo cal o equipo redactor deste Documento se viu na obriga de reconsiderar a delimitación do ámbito, tendo en conta o desprazamento da autoestrada.

Á hora de facer a modificación, tívose en conta o criterio do 50%, de forma que as parcelas que tiñan máis dun 50% da súa superficie incluída na delimitación inicial foron definitivamente adscritas ó PEMN, mentres que as que tiveran menos dun 50% incluída quedaron definitivamente excluídas do ámbito.

Estas foron as únicas modificacións realizadas na delimitación do núcleo con respecto á orixinal indicada nos planos do PXOU.

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA.
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**LISTAXE DE PROPIETARIOS.**

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

1.- SERAFÍN SEIJO PEREZ.
2.- MANUEL GÓMEZ SEIJO.
3.- PURIFICACIÓN VILA SEIJO
4.- CONCHA VILA FREIRÍA .
5.- ÁNGEL ALONSO ÁLVAREZ.
6.- VALENTINA VILA VELOSO.
7.- EUDOSIA PEREIRA LAGO.
8.- EUDOSIA PEREIRA LAGO
9.- J. FAJARDO.
10.- JOSÉ FIGUEROA GONZÁLEZ.
11.- ÁNGEL ALONSO ALVAREZ
12.- ALFONSO FERNÁNDEZ.
13.- CARMEN ALONSO PEREIRA.
14.- EMILIA GÓMEZ BUGARÍN.
15.- DOLORES IGLESIAS VILA.
16.- JOSÉ SEIJO PÉREZ.
17.- ISOLINA SEIJO PÉREZ.
18.- DOLORES GÓMEZ CARRERA.
19.- MANUEL SÁNCHEZ MÉNDEZ.
20.- MANUEL SEIJO ALONSO.
21.- CONCEPCIÓN ALONSO PÉREZ.
22.- JOSEFA LAGO RODRÍGUEZ.
23.- PURIFICACIÓN SEIJO PÉREZ.
24.- GENARO MARTÍNEZ FERNÁNDEZ.
25.- FRANCISCO ARCE.
26.- JOSÉ MANUEL VILA SEIJO.
27.- FÉLIX FIGUEROA MARTÍNEZ.
28.- MANUEL MARTÍNEZ TOMÉ .
29.- ISOLINA SEIJO PÉREZ.
30.- DOLORES GÓMEZ GÓMEZ.
31.- SEVERINA TOMÉ PÉREZ.
32.- CASIANO ALONSO PÉREZ.
33.- MANUEL FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ.
34.- JOSÉ LUIS APARICIO.
35.- LUIS PÉREZ APARICIO.
36.- PURIFICACIÓN SEIJO PEREZ
37.- ANA GONZÁLEZ SEIJO.
38.- CARMEN ALONSO.
39.- PURIFICACIÓN SEIJO PÉREZ
40.- ARGENTINA SEIJO PÉREZ.
41.- ANTONIO COSTAS.
42.- MANUEL CEA.

43.- URBANO COSTAS.
44.- JOSÉ ANTONIO PÉREZ BRACERO.
45.- CARMEN SEIJO PÉREZ
46.- JOSÉ TÁBOAS LAGO.
47.- ARGENTINA ALONSO FERNÁNDEZ.
48.- PURIFICACIÓN SEIJO SEIJO
49.- JOSÉ TABOAS LAGO
50.- LUIS ALONSO CABREIRA.
51.- JOSÉ ALONSO SEIJO.
52.- CARMEN SEIJO PÉREZ.
53.- VALENTINA VILA
54.- CARMEN LAGO GÓMEZ
55.- JOSÉ ALONSO SEIJO.
56.- FERNANDO MONZÓN BASTOS.
57.- RICARDO J. REGO TABOADA.
58.- JOSÉ LUIS ALONSO PÉREZ.
59.- CARMEN LAGO GÓMEZ.
60.- ANDRÉS AVELINO IGLESIAS FIGUEROA.
61.- J. FIGUEROA FREIRÍA.
62.- PURIFICACIÓN ALONSO CASALES
63.- MANUEL VILA
64.- ELISA TOMÉ PÉREZ

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 14 FEB. 2000
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado INICIALMENTE con esta data
Vigo, 17 ABR 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

VÍCTOR M. GONZÁLEZ MAGDALENA FRANCISCO J. MARTÍNEZ PAZ XOSÉ R. GARRIDO DAVILA

A R Q U I T E C T O S

Este documento forma parte do expediente n.º
-4574/411-
aprobado [illegible] con esta data
Vigo, [illegible]
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez